*3º.-Documentamos, grazas aos textos dos mosteiros de Montederramo e de San Vicente do Pino, a existencia dunha ruta durante os séculos XII-XIX (por tanto, dun camiño de uso continuado) entre Torbeo –Vilachá-Rozavales que ía dar a Monforte de Lemos. Esta ruta era a usada polo peregrinos do Camiño de Inverno.*

*SOLICITAMOS*

*A existencia do Camiño de Inverno foi recoñecido oficialmente polo Parlamento de Galicia mediante a Lei 5/2016 de 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia (art. 73).*

*A partir de aquí comezan os traballos para a delimitación do percorrido (que aínda non éoficial). Por este motivo a nosa asociación enviou o citado informe técnico, que podería contar (se for o caso e así o solicitase a Xunta de Galicia) co aval de institucións académicas e científicas coas cales xa falamos (Universidade de Vigo, Univesidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega e Consello de Toponimia da Xunta de Galicia).*

*Ademáis, e para que conste nesta moción, en ningún momento esta asociación rexeita nin desacredita o actual tramo do Camiño de Inverno. Cremos que, como noutros puntos dos distintos camiños a Santiago (Samos-San Xil ou Tui-A Guarda), poden convivir as dúas alternativas de maneira oficial.*

*Polo tanto solicitamos ao Pleno:*

1. *O seu apoio á demanda desta asociación para o recoñecemento do Camiño de Inverno a Santiago de Compostela ao seu paso por Torbeo-Vilachá-Rozavales conforme á documentación histórica presentada.*
2. *O seu apoio para levar adiante as iniciativas necesarias para defender, difundir e promocionar este percorrido.*
3. *A súa colaboración para solicitar á Xunta de Galicia os informes pertinentes para o recoñecemento oficial do Camiño de Inverno ao seu paso por Torbeo-Vilachá-Rozavales.*

*Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación:*

*Primeiro.- Prestar apoio á solicitude da Asociación de Veciños de Vilachá de Salvadur para o recoñecemento do camiño de inverno a Santiago de Compostela ao seu paso por Torbeo-Vilachá-Rozavales, conforme á documentación histórica presentada.*

*Segundo.- Prestar apoio para levar adiante as iniciativas necesarias para defender, difundir e promocionar o percorrido referido.*

*Terceiro.- Solicitar á Xunta de Galicia os informes pertinentes para o recoñecemento oficial do camiño de inverno ao seu paso por Torbeo-Vilachá-Rozavales. "*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén Dª Gloria Prada dando lectura ao escrito presentado neste Concello pola Asociación de Veciños de Vilachá de Salvadur.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que intenta ser bastante sincero no seu debate se di a verdade son sabería como emepzar. Di que hai tantos camiños a Santiago como persoas, é certo que esta proposta ven respaldada pola asociación de veciños de Vilachá e non deixa de ser interpretacións, hai indicios que ese itinerario funcionaba. Di que o que se ten que facer e cnosolidade e promocionar as rutas e traballar con todas ads administracións e que funcionen realmente e poñer a disposición io´n do turista itinerarios e que esas persoas escollan que camiño, o importante é que pase por Monforte e non empezar a discuitar se viña por Rozabales se viña por Reigada, unha reuta non ten porque solapar a outra. Cómo se vai pedir axuda ao Xacobeo se todavía nós estamos se ven por un lado e por outro? Di que eles van apoiar esta iniciaitva que este itinerario non anule a outros con traballo feito con bastante documentación por detrás.

Intervén Dª Jaime Germán Vázquez id que vai votar a favor porque todo o que sexa bo para Monforte. Pregúntase se este é o momento, di que hai tres rutas, donde na Cubela que había unhas barcas que cruzaban ata a Barxa. Di que non foron capaces de levar a cabo esa loxística. Pregúntase se non sería bo que a Xunta faga o seu tgraballo e despois potenciar, cando menos lles parece raro, que esta gresca que teñen coa Asociación do Camiño de Santiago fala de que si cambiaron o trazado, o centro de interpretación no Hotel comercio querían facer unha cousa ou outra, se fora lonxe como Expolemos, pero a isto se lle vai relativmaente pronto saída a el. Cando pide que a asociación se arranxe o camiño por Rioseco, de feito veu o presidente da Deputación a facer o camiño con eles. Di que se debería pensar que o camiño de inverno é algo positivo para Monforte e no que se debería traballar todos, esa asociación leva moitísimos anos traballando, con problemas no anterior mandato e agora neste, e´un pocuo difícil de entender se queira que haxa un informe do Camiño de Santiago e que sen embargo, non se traballe conxcuntamente coa asociación do camiño de inversno, que está aquí case todo son monfortinos e fan un montón de cousas.

Intervén Dª Katherinie Varela di que non entenden moi ben a relación que teñen este equipo de Goberno coa asociación do camiño de inversno. Está o local da praza dr. Goianes pero non o fomentamos. Despois se borran os sinais, non se poden pintar a mobiliario urbano sen permiso. Di que todolos veciños queren

participar do camiño de inverno, eso se pode formentar actividade económica para Monforte, di que eles están de acordo, lles parece curioso e non sabe si acertado, ese estudo fala de tres rutas á entrada de Monforte de Lemos. Di que cre que o Concello, por iso vaise abster, tódolos veciños van querer que se oficiale e pase por alí, que o decida a Xunta que determine de delimitar o camiño, pero que o faga o Concello, pero non cre que sexa moi correcto, e deixar en máns dos expertos estando claro que por Monforte vai pasar. Amosa a súa abstención.

Intervén Dª Gloria Prada di que este equipo de goberno non se está posicionando por esta asociación. Di que o traen aquí é a petición desta asociación se basa en informes e certificacións históricas que aparecen documentalmente e realmente o trazado estaba por esa zona, de que non estamos intentando solapar un camiño con outro, é unha alternativa para que podan convivir as dúas. Non se posicionan nin unha parte nin da outra. Di que van esperar á que a Xunta se aclare para ver cal é o camiño oficial.

Intervén D. Emilio José Sánchez amosa o seu voto a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que cre que se cambiaron os itinerarios o que lle aprece fatal é que por un tema que polo menos na rúa está como unha rencilla personal que teñen vostedes, estemos perdendo o camiño de inverno, vostede leve cinco anos aquí aínda non temos un albergue.

Intervén Dª Katherinie Varela dicindo que é mellor apoiar un tramo e que non haxa división, pode que sexa esto, pero é competencia da Xunta cal é o oficial e cal sería a variante.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo no anterior mandato trouxeron unha proposta para pedirlle á xunta para que fixera un albergue público no hotel Victoria no Cardenal, agora veñen e que o fagamos nós. En Sarria hai varios públicos, porque aquí nonhai un público e o fan no Saviñao, non ten nada que ver quén goberna, na Fonsagrada mercaron unha praza para rehabilitar para instalar o albergue, ese tipo de cousas don Germán debería reflexionar sobre eles. Segundo a lei de Patrimonio Cultural de Galicia 2016, en dous anos tería que definirse, aínda está sen definir. O queren é que a Xunta definan o trazado. En relación á oficina do peregrino, ese aluguer non o fixo este equipo de goberno, o que se fixo foi renovalo e conseguir que financiara o arranxo a Deputación provincial de Lugo, iso non estaba nin arranxado. Isto trátase de dar un apoio a esta asociación.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

**6º.-PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO REPRESENTANTE NA FUNDACIÓN MUFERGA.**

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con oito votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialita e dos doncelleiros do Grupo Mixto, e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal popular, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

*"O Museo do Ferrocarril de Galicia ten a súa sede na cidade de Monforte de Lemos, nuhas instalacións de ADIF alugadas polo Concello e cedidas en precario, sen documentos asinados, así como noutras dependencias municipais que no seu día pertenceron a RENFE que hoxe forman parte das cesión obrigatorias do proxecto sectorial do Porto Seco ao Concello monfortino, aínda sen formalizar a súa entrega, e que tamén utiliza Muferga.*

*Visto que do padroado desta fundación forman parte a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte.*

*Visto que ambas institucións están presididas pola persoa de D. José Tomé Roca.*

*Visto que no caso da Deputación de Lugo está delegada a representación na persoa da deputada e voceira Dª Pilar García Porto.*

*Vista a vontade do Alcalde e Presidente de manter o mesmo nivel de representación e compromisos nas dúas institucións.*

*PROPOÑO AO PLENO*

*Cambiar a representación, a proposta da Alcaldía, como patrono en representación do Concello na Fundación Muferga a D. José Tomé Roca e no seu nome nomear como patrona en representación municipal a Dª Gloria María Prada Rodríguez".*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén o Sr. Alcalde dicindo o motivo de presentar esta proposta manter o mesmo nivel de representación tanto no Consorcio de Turismo e que aquí cre que debe manter o nivel de representación.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que vai votar a favor pero lembrar que se o permite o cambio de presidente os estatutos da propia fundación.

Intervén o Sr .Alcalde o que sabe e que ningún organismo pode cuestionar a decisión deste pleno, e se teñen mal os estatutos que o arranxen. Dª Gloria iría na calidade de patrona e asumiría a vicepresidencia que é como din os estatutos.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

**7º.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á SANIDADE**

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:
*"O Pleno do Concello de Monforte de Lemos insta o Goberno da Xunta de Galicia a:*
*1.Iniciar a recuperación da atención primaria presencial para poder ofrecer a mellor calidade asistencial posible.*
*2.Abrir un proceso de recuperación dos profesionais perdidos nos últimos anos, con especial atención á atención primaria garantindo a cobertura e substitucións dos profesionais dos centros de saúde para non afastar a asistencia da cidadanía".*

**Pola ausencia da voceira que ía levar o asunto, deixandoo sobre a mesa.**

**8º.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AO PLAN DE XESTIÓN DO XABARIL .**

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:
"*O Pleno do Concello de Monforte de Lemos insta o Goberno da Xunta de Galicia a:*
*. Poñer en marcha un Plan de Xestión do xabaril para cotrolar e estabilizar a súa poboación, consensuada cos sectores afectados e implicados.*
*.Poñer en marcha un Fondo de Corresponsabilidade dotado económicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas.*
*.Solucionar o colapso do teléfono 012 de atención e información á cidadanía, que está a impedir que as persoas afectadas polo danos dos xabarís nos cultivos, poidan solicitar as axudas dentro do prazo de 72 horas que marca a normativa da Consellería de Medio Ambiente e dar solución ás persoas afectadas por dito colapso que non puideron tramitar as axudas por dito motivo.*
*.Extremar o control biosanitario nas fronteiras para evitar a chegada de partidas de carne de porco que puideran vir contaminadas co virus (PPA), ademáis de elaborar un Plan de continxencia ante a posibilidade de que aparecese un caso en Galicia. ".*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D. Miguel Tomé di que este é un tema que non é menor, do que todo escoitou falar. Para que a xente vexa o alcance do problema. Ninguén fala de exterminar de aniquilar o xabarín nin o caso do lobo, o que se quere facer é poñer os medios para levar a cabo un plan de xestión entre gandeiros e agricultores, a sociedade en xeral. Fala de danos nun valor de 15 millóns de euros anuais. Monforte hai 130 explotacións gandeiras, é certo que a Consellería de medio ambiente convoca axudas, pero os datos falan por sí mesmos. No ano 2016 se convocaron axudas, non se convocaban dende o ano 2010. Tamén se convocan axudas para a prevención, pastores eléctricos, cans mastins,etc. A Consellería de medio ambiente deixa fora á maioría das explotacións gandeiras por crédito esgotado. As

axudas son claramente insuficientes. Fala dos acordos para votar que figuran na moción. O que se pide nesta moción é un pacto social.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que en nota de presna do Ministerio de Agricultura do pasado 14.04.2020 dase conta dunha carta recomendando o control. A dirección xeral de saúde ven de poñer de relevo a transmisión de tuberculose bovina constitúe un retraso no custo e dos considerables danos que causan aos gandeiros. En 2016-2018 o problema non debería existir, nin ordes de axudas quitaron, agora sí orde dee axuda para a fauna salvaxe o fondo do problema está nun plan de xestión serio e consensuada e defensa e tratamento da especie. Di que isto é unh aeposición de motivos para facer no Parlamento en setembro, di que eles siplemente quere facer unha enmenda de engádeda onde diga no segundo punto poñer en marcha un fondo de corresponsabilidade dotado económicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas, que se engada onde non se descrimina aos agricultores de autoconsumo ou a tempo parcial.

Intervén D. Jaime Germán di que están de acordo con pedir á Xunta de Galicia o beneficio para os gandeiros. Discrepan no tema das axudas no seguinte,. Efectivmaente hai unhas 25.000 explotacións gandeiras, a uns 1.500,00 euros de máximo estaríase falando de 37,5 millóns de euros, o único que queren poñer como un punto de mesura o que é a petición, ao mellor eses 37,5 millóns e medio e moitísimo.

Intervén Dª Katherinie Varela fala de que as admninisraicóns teñen que colaborar para paliar este problema, tamén de prevención para que non se dea lugar a este problema. Di que a Xunta xa está traballando nelo, sobre o plan de xestión do xabaril, xa se están elaborando estudos di que a Consellería de medio ambiente xa ten constituido un grupo de traballo multidisciplinar, neste grupo intégranse diferentes administracións, Ministerio de Fomento, a Dirección xeral de tráfico, dentro deste plan se contemplan unha serie e actuacións, xestión e aproveitamento da especie, se están desenrollado unha serie de medida smellorar a xestións dos Tecores, mellorar a xestión das zona, mellorar a xestión da specie de parques nacionais protexidos, os danos producidos na agricultura. Danos ocasionados por accidentes de tráfico, medidas de sinalización das estradas, identificación das zonas con alta sinistralidade pola afección do xabaril. Tamén se está traballando coa federación de caza, a mellora de información mediante campañas publicitarias. Fala da modificación da lei de caza, reducindo o número de cazadores de 10 a 8. En canto ás axudas á prevención dicir que é a contestación dende o grupo popular si que a Xunta está traballando.

Intervén D. Miguel Tomé dicindo que afectaba tanto á gandería como a seguridade viaria, porque estamos falando case de 200 accidentes mensuais. Fala da peste porcina, o xabaril é o principal transmisor, xa en Europa hai algún caso. Alemania é o primeiro exportador de Europa de porcino. España segue libre, pero en calquera momento pode aparecer, debido a que este é un animal que ten moita mobilidade. Non se trata de que todas as explotacións teñen problemas a gran nivel, fala de 15 millóns , entorno a 10 hectáreas afectgadas, facendo un control da especie , son capaces de asumir danos ata certo punto. Dille a D. Emilio que comparte todo o que dixo, di que poden aceptar a súa enmenda, hai agricultores que non poden acceder ás axudas por non estar inscritos en certos rexistros. As explotacións sempre se adaptan a todas as circunstancias, pero a administración deben botar unha man.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que falar de cercado de fincas, balados ou pastores eléctricos é coñecer pouco a este país. O que falaba Dª Katherinie Varela sobre a caza e demáis, é un erro controlar a plaga cunha batida de caza e demáis. Amosa o seu voto a favor.

Intervén Dª Katherinie Varela podería entrar a enumerar todas as partidas que existen, aquí está en que son insuficientes, non é que ao prtadio popular non lle importe ao xabaril, o partido popular esta moi vinculado ás zonas rurais, e pode entender a frustración cando hai deixadez. Pero si é verdade que neste momento xa se están activando todas as cousas que piden, o seu voto vai ser negativo, porque consideran que chega tarde porque xa están activadas todas as medidas que solicitan.

Intervén D. Miguel Tomé dicindo para rematar que non hai un medio moito máis práctico, vostede di que non é fácil non debemos facer o control durante a caza. Non se fala de exterminar, simplemente chegar a un control para a convivencia de todo o mundo. A caza social é necesaria, moitos gandeiros son cazadores, cazadores hoxe cada vez son menos, ao longo prazo vai haber un problema. Entende a posición de Dª Katherinie Varela pero di que eles son máis de feitos de que estén traballando nelo.

Sometido o asunto a votación coa enmenda de engándeda apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Mixto e tres votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

**9º.-MOCIÓN ESPERTA MONFORTE PARA A REMUNICIPALIZACIÓN OU MUNICIPALIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL.**

O ditame é favorable á proposta da Alcaldía, cun voto a favor do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez, Esperta Monforte- Grupo Mixto e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias, BNG-Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:
*"A iniciar os trámites necesarios para remunicipalizar o servizo prestado na piscina municipal climatizada, demáis instalacións da mesma e das pistas de tenis municipais da pinguela".*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D. Emilio José di que nesta cámara hai unha persoa que defende os servizos púlbicos e el. Di que vai apoiar esta iniciativa inda sabendo que hai cousas que hai que explicalas. Hai que saber como solventar o problema do personal, como se van transferir a eses traballadores, si que hai fórmulas para poder facelo, a xestión pública sería o desexable.

Intervén Dª Katherinie Varela dicindo que o tema das psicinas sempre é un tema moi complicado. Non é servicio público porque a xente que vai non é gratis, a xente que vai paga. Hai determinados servizos que non cubre co que se cobra. Di que a piscina non se pode perder en Monforte, pero non se pode deixar sen determinados atractivos á cidade, a

piscina a utilizan non so o equipo de natación, un montón de usuarios, xente maior. Di que eles apoiarían a municipalización e que acepte certas perdidas sempre que sexa algo valorable.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez continuando a lectura da súa moción. Di que entenden que sería importante son moitos usuarios de moi distintas idades e o que que se observa hai unha partida de gastos e ingresos que xa vai ter unha diferencia bastante importante, non entenden como quería facer o equipo de goberno, facer un pliego que poida ser positivo para algunha empresa.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que aquí estase facendo un remexido de cousas, entende que hai dous modelos, ou externalizar o servizo ou facelo público, el está a favor sempre que se subroguen aos traballadores.

Intervén Dª Katherinie Varela di que segundo a lei de bases de réxime local, vai haber un estudo de técnicos que decidan cal é cousa máis eficiente, o mellor seria a municipalización por non caer na mala xestión da empresa concesionaria, di que entenden que ten que haber uns trámites previos, polo emnos que se estudie e leve a cabo polos técnicos.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles deixaban o tema do persoal para os técnicos do Concello, di que é algo que se escapa, o que queren é a municipalizació da piscina.

Intervén o Sr. Alcalde di que van manter o mesmo sistema de xestión doutros gobernos. Di que xa dixeron da vontade de quitar un novo concurso, di que non van cobrar máis taxas. O que van facer é normalizar as tarifas porque aquí había un déficit porque se levaba anos sen actualizar os IPC.

Sometido o asunto a votación a moción rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Mixto e dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

**10º.-MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO QUE LEVE A CABO A XESTIÓNS AS XESTIÓNS XURÍDICAS E ADMINISTRATIVAS PROCEDENTES PARA QUE OS FONDOS DESTINADOS PARA A CONSTRUCCION DUNHA PONTE NOVA SE DESTINEN A AXUDAS PARA PALIAR AS CONSECUENCIAS ECONÓMICAS DERIVADAS DO COVID.**

O ditame é favorable á moción, con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:
"*Instar ó equipo de goberno a levar a cabo aquelas actuacións necesarias, baixo os mecanismos xurídicos e administrativos oportunos, para que os cartos destinados no presuposto municipal para a construción dunha ponte nova no Malecón, se transfiran a unha*

*partida de gasto para axudas para paliar as consecuencias económicas do covid, que poden ser desde exencións fiscais ata axudas directas os afectados pola situación".*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén Dª Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.
Intervén D. Emilio José Sánchez di que se poderían debater xuntas as dúas iniciativas, xa se falou no debate dos orzamentos debería haber unhas prioridades. O que se pide é unha serie de axudas. Di que cree que vai votar a favor desta iniciativa.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo en relación co que comentaba vostede non se lle di do refozo dos servizos Sociais, falaron a dixitalización, falaron da bonificación das taxas, falaban de exencións fiscais de todas as taxas e impostos do 2021 para todos aqueles que se viran afectados polo COVID-19, di que están traendo iniciativas, que creara unha mesa sectorial, di que non teñen moito tempo para dicirlle en que se poderían gastar. Di que eles non deixan continuamente de presentar, pero si que é certo que presentaron a posibilidade de facer a convocatoria do Consello Municipal de Saúde, a posiblidade de que en moitos sitios se puideran dar clases, gastos de prensa e radio, que xa contestaron, lle pediron unha relación dos empregados que teletraballaron, si que efectivamente observan hai uns gastos que non entenden e gustaríalle que se cambiara ese gasto para outros fins que entenden que serian moito mellor. Amosa o seu voto a favor.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si que van construir a ponte con remanente pero non toda, porque haberá unha importante axuda doutras administracións ou administración. Un paso atrás, nin para coller impulso, porque cando se propon algo se ten pensado, pode gustar ou non, pero está pensado, iso seguro. Como teñen pensado a financiación non haberá problema e ademàis quedará comprometida neste mesmo ano. Falan de axudas que non sabe que ten que ver coa ponte. Pregunta que Concello gobernado por calquera grupo, que derá máis axudas que este, empregas, traballadores, familias, a xente non consumiu a xente que estaba a súa disposición. E agora van dar algunha axuda máis, goberno máis social que este, dificílmente, e xa non fala da Xunta.

Intervén Dª Katherinie Varela dicindo que a moción está clara alegralle saber de onde veñen os fondos. Di que non saben moi ben como fan as inversións, seguramente. Di que a ela non é que lle guste máis unha ponte ca otra, Monforte ten outras prioridades. Agora que se aprobou o Plan Especial pois igual sería necesario dar axudas para a rehabilitación desas vivendas.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que o das axudas chegaron ao todo ámbito social, tamén agora imos ver onde se gastaron os cartos dos bonos para o pequeno comercio, parece ser que non se gastaron en comercios que non pecharon. As familias, ao comercio, pero despois os cartos pódense gastor en calquera sitio, hai moitisimos cartos que se gastan en sitios que non pecharon, se vai haber liñas de axuda que xa nos enteraremos. Que se lle de unha volta adonde van ir esas axudas ao comercio.

Intervén o Sr. Alclae dicindo que as inversións son legais, pero todas van conforme á normativa non hai máis, pode vostede atopar un erro, pero un erro o comete calquera,. Di que Monforte ten outras prioiridades aparte da ponte, pero o goberno a parte da ponte xa leva arranxado máis de 100 rúas, e máis de 200 camiños na rural, e postas máis de 250 luces de led, que sen van poñer todas tanto no rural e no urbano, vai deixarse de pagar en luz 200.000 euros, estas son outras cousas. Di que están rematando o novo parque de

Cobas, que recupera unha zona deprimida que había. Dique están a punto de deixar comprometida a financiación do plan de accesibilidade, case 300.000,00 euros iso é algo máis que ponte ou que é? Cubrir o tellado ao multiusos que chove dentro é unha boa ou mala obra? Na Pinguela vai ter as torres de iluminación dun campo de fúbol, a Pinguela está con luz de obra, e legalizouse. Urbanizar a zona "C" vaise en poñer en valor esta cidade.Fala do parque do hospital, que tamén quedará comprometida neste ano. Ampliar o parque do Compañía, ese lle parece unha tontería? O skate moderno, iso está ben esta mal. A praza Dr. Goianes quitar eses muretes, Abelardo Baanante, Armando Cotarelo, iso tamén é unha ponte? Di que vostedes non teñen argumentos, di que están facendo saneamento, que vai permitir quitar ese punto de vertido que hai no parque dos Condes, xa se quitaron outros na Aceña Nova, na rúa Caneiro, sinceramente cre que non teñen argumentos, a oposición está para opoñerse pero hai que buscar argumentos sólidos. Vostedes non poden colocar nos balcóns pancartas, lean a ordenanza. Diq ue non se vai gastar todos os remanentes van quedar bastantes para máis obras, un país faise construindo non se fai destruindo.

Intervén Dª Katherinie Varela di que despois de enumerar todas as obras que quere facer, pode compartir algunhas, o da luz é unha subención da Unión Europea, é unha obrigación para o cambio. Todas as obras que quere facer, claro que hai que arranxar rúas, un parque dun millón, outro de 600.000 euros. O que lle importa ao Partido Popular son as casas que se caen, concretamente unha que está na rúa Cardenal, negocios pechados, peregrinos que se perden, non importa nada o fomento do turismo. Di que non ve inversiones para rheabilitar o casco histórico, fala de dúas rúas, pero non ve nada máis. A perda de poboación, no tempo que leva de alcalde se perderon 1.000 habitantes.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a Dª Katherinie Varela que non denegue a Xunta o obradoiro de emprego, un proxecto xuvenil para que a xente teña traballo. O plan Especial acabase de facelo, o plan mesmo da 16 anos para desenrolalo. Fala das casas, as casas teñen dono, hai uns plazos administrativos, que non se poden saltar. Que se perden os peregrinos, ata pode ser bo, ata poden comer aquí. Non hai color na promoción do turismo que se está facendo.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Mixto e dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

**11º.-MOCIÓN DO BNG PARA AXUDA AOS NEGOCIOS AFECTADOS POLO COVID-19 COA FIN DE MANTER O TECIDO COMERCIAL QUE CONFORMAN O SECTOR HOSTALEIRO E TODO O PEQUENO COMERCIO**

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Mixto, e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:
*"Que o Concello de Monforte estableza unha liña clara de axuda ao sector hostaleiro e ao pequeño comercio, así como ás empresas do sector turístico que se viron afectadas polos peches e medidas establecidas para a xestión da COVID-19".*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

**Neste intre auséntase da sesión a concelleira Dª Katherinie Varela.**

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á súa moción. Cabe suliñar que esto fíxose a iniciativa antes cando estaba a hostalería pechada, di que son conscientes que quén pechou foi a Xunta de Galicia, di que son coñecedores das axudas do Concello durante este ano. Di que se pode facer máis e queren que se faga máis, vostede xa anunciou que vai haber axudas. Di que as axudas que nomean, pero no acordo non poñen ningún tipo e axudas concretas poden ser dentro das medidas achegadas, os impotos das taxas das terrazas, etc, en definitiva que a liña que se estableza sexa clara e vaia potenciar a hostalería.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosa o seu voto a favor, entenden perectamente porque eles fixeron o mesmo, como vostede se. Alcalde vai anunciar algunha cousa que sexan axudas e que priorice. Di que quería contestarlle no tema da campaña electoral de Esperta Monforte, non lle quita a razón, do das pancartas xa a sacarei ou xa verei. Di que son os cidada´nas libremente os que poñen as pancartas, obviamente pódelle molestar o das firmas. A outra cousa é que parece que gobernando dez días, e non lle pimporta nada dicir,canto tempo leva o da Pinguela con luz de obra, vostede estivo catro anos con Severino e agora cinco anos agora ,vostede non o sabía? Hai algunhas cousas que non se poden estar calado.

Intervén Dª Katherinie Varela amosa o seu voto a favor. Haberá que traer próximamente una moción do Porto Seco.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que manifesta o pasado 26.10.2020 Dª Katherinie Varela xa trouxo unha moción case nos mesmos termos, este goberno foi o único que apoio a todos os sectores econômicos. Fala das axudas do Plan REACTIVA e de todas as axudas e esforzo tan grande que fixo o equipo de goberno. A quén se deben pedir resopnsabilidades á ao Presiente da Xunta de Galicia, para que explique do peche perimetral e ao peche da hostelería e non destinou axuda de forma directa aos sectores que se viron obrigados ao peche.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que xa se falouse diso antes. Di que non quería entrar en debate. Di que falou que o Concello destino 1.400.000 euros ao Plan reactiva dos cales 543.000,00 se gastaron en axudas, polo tanto hai marxe de axuda o que vostedes podan aportar. As arcas municiapis van entrar 30.000 euros en concepto de terrazas, polo tanto creemos que é unha cifra totalmente asumible ou así o entenden. O goberno deste Concello fixo axudas, o ano foi terrorífico. Comparte moitas das protestas pero cren que agora é o momento de axudar hai marxe.

Intervén D. Jaime Germán di que eles en ningún momento dicir que están en contra das axudas que se deron, di que eles falan de axudar, ao final se o ven nos orzamentos do 2021 se está a falar de 100.000 euros, di que eles o que queren é que prioricen.

Interve´n Dª Katherinie Varela di que é inevitable saírse do tema escoitando certas cousas. En relación ás axudas veñen dads grazas ao remanetne de tesorería, conseguese a un esforzó da capacidade impostivia dos cidadans, o diñeiro público ven dos cidadáns. Ese diñeiro que usa o sector público ven do sector pirivado, os empresarios, que son ricos son tresou catro, son xente que o pasa mal o está pasando mal, o medo impide que a xente se

desenrole con normalidade. É a súa obrigación de devolverlle os cartos aos cidadáns, tanto que din que o peche da hostelería é da Xunta de Galicia, ese peche esta amparado por un decreto do Estado. Di que a nivel personal di que eles son liberables si que consideran que foi duro que o goberno da comunidade autónoma toma a decisión, porque ven motivada por un informe de sanidade. O que queda clara é que hai un comité é clínico de 35 sanitarios porque hai que levar a cabo estas restricciones. Apoian ou non apoian a sanidade.

Intervén D. ibán Torres dicindo que se fixo un esforzó enorme se gastou o demáis hai que pedírselo a quen hai que pedírselo. Soluciones que se facilitaron aos cidadáns de Monforte.

Intervén D. Emilio José Sánchez fala das axudas porque son necesarias, é algo que demanda gran parte da hosterlería gran parte do comercio, soamente traen iniciativas que cren que son axeitadas ou trasladar a voz da cidadanía que para eso están.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el defende a liberdade di que eles entregáronlle ás axudas aos cidadáns de monfrote as axudas e son moi libres onde gastalas, para que cada un gaste onde o necesite, non outras liberdades que van en contra a lexislación.

Sometido o asunto a votación a moción rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Mixto e dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

## PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

**12º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de datas 06.11.2020 e 23.11.2020) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta específicamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

**13º.-DACIÓN DE CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO TERCEIRO TRIMESTRE 2020.**

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 2º trimestre de 2020, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de4,36.

**14º.-DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL TERCEIRO TRIMESTRE 2020.**

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 3º trimestre de 2020, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

**15.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**.-Rogo de Esperta Monforte. Restablecemento de paso en camiño público á beira co Cabe, cortado por propietario de vivenda no lugar próximo a Remuin.**
**Que o Concello interveña para restituir o paso e uso público do camiño.**

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando que retira o rogo presentado e presenta un rogo "in voce" solicitando un posicionamento público pola desaparición do 13 de decembro do tren diurno a Barcelona.

**.-Pregunta de Esperta Monforte RE 24392**
**Cal é o motivo polo que Monforte so figura na relación como casco urbano, esquecendo o rural e en todo caso que fixo vostede con relación a este tema? En definitiva solicitamos e preguntamos información o respecto.**

Resposta o Sr .Alcalde que a corporación nos rogos non se pronuncia, supón que quería vostede rogar que manteña un tren cara a Barcelona.

Resposta Dª Gloria Prada dicindo que non sabe que cando presenta algo ten coñecemento do que está facendo. Estas subvencións se lle conceden aos operadores non aos Concellos, cando presenta unha cousa teña un pouco de sentido.

**.-Pregunta do BNG RE 24401. Ten pensado este goberno dotar ao noso Concello dalgunha instalación pública deste tipo?**

Resposta o Sr. Alcalde que cando o faga a Xunta si, primeiro ten que facelo a Xunta xa que o camiño é da Xunta.

**Rogo de Esperta Monforte RE 24404. Que o Concello desenvolva as acción oportunas para mellorar a sinalización dese cruce.**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que vostede que non debe comparar unha travesía cunha estrada nacional, a recta de Distriz é unha estrada nacional, e o resto que se acaba de arranxar, supón que o proxectista fixo o proxecto completo e ponérase a sinalización correspondente.

Non habendo máis asuntos a tratar, sendo as doce horas expresado día, o Sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e Pr.
O ALCALDE